

A NOSA TERRA

Recital de poesía en Compostela

Xeracións en ósmose

Rodeados da pedra simbólica da Praza de Mazarelos, e fronte á Facultade de Filoloxía, resoaron os ecos de 26 poetas —homes e mulleres— nun acto de homenaxe a Rosalía de Castro, organizado pola Asociación de Escritores en Língua Galega.

Alí estaban, e é posíbel que fiquen algun fora da nómina —vaia a fotografía en desagrávio—, Xosé María Monterroso, Xaquín Agulla, Avilés de Taramancos, Manuel Rivas, María do Carmen Kruckeberg, Xavier Seoane, María Xosé Cani-

trot, Cesáreo Sánchez, Ana Romani, Lino Braxe, Helena Villar, Xesus Rábade, Anxeles Penas, Manuel Forcadela, María Xosé Queizán, Uxío Novoneyra, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel María... Voces que repetían, por riba e por baixo da preciosa banda sonora que preparara Xosé Manuel Beiras, poemas propios e de Rosalía en dinámica cadéncia.

Previamente Basílios Losada leu o manifesto "os escritores galegos sobre Rosalía" —que recollemos ao pé destas liñas— seguido atenta-

mente por máis de duascenas persoas que seguiron a voz dos e das poetas novos e veteranos en ósmose xeneracional.

Foi unha noite —17 de xullo do 1985— que ficou prendida na memoria de todos os que asistimos, por beleza e reivindicación, e que ao día seguinte era comentada por moitos dos asistentes ao congreso "Rosalía e o seu tempo", co que intencionadamente coincidiu o recital.

X.C.



Manifesto dos escritores sobre Rosalía

Coincidindo co centenario da morte de ROSALÍA neste ano de 1985, a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), quer manifestar o seguinte:

1. Rosalía de Castro foi —e segue a ser— unha escritora manipulada, con deliberada ocultación e terxiversación de aspectos fundamentais da súa personalidade e da súa obra, por aqueles que administraron, e administra, unha visión de Galiza tranquilizadora, sumisa, bucólica e folclorizante.

2. Alertados ante o facto de que as homenaxes oficiais e oficiosas vaian servir para aínda mais confundir e obscurecer a súa significación perante o noso povo, nós reivindicamos o seu papel de loitadora comprometida coas clases populares do País.

3. Estamos certos de que a súa obra e a súa actitude foron fundamente conflictivas e descubridoras dunha realidade aínda hoxe oculta e negada.

4. Importa-nos muito esclarecer que Rosalía tivo sempre unha conciencia mui clara de estar contribuíndo coa súa obra en galego á construción dunha literatura nacional, e que —como ela propia dixo no Prólogo de Follas Novas— "non era cousa de chamar ás xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma tiña levantado".

5. Nesta guerra os escritores galegos, continuándonos o seu exemplo, seguimos a estar comprometidos para conseguirmos a literatura normal dun País digno e soberano.

6. Por todo isto, aínda que sabemos que a valoración de Rosalía só será posíbel no contexto sobredito, convidamos a todos os galegos e galegas a unha lectura directa dos seus textos de abondo expresiva e elocuente, como a mellor homenaxe que se lle poda tributar.

7. Comprazemo-nos da presenza de personalidades da crítica literaria chegadas de todo o mundo no Congreso sobre Rosalía.

8. Lamentamos a presenza no Consello de Honra de "persoeiros" significadamente coñecidos pola súa actitude anti-galega, como o Alcalde da Coruña, D. Francisco Vazquez, e outros.

Contra os que pretenderon silenciá-la, Rosalía de Castro, cen anos despois da súa morte, ergue a súa voz mais viva que nunca.



Compostela, 1985

ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA